



A obra xustifícase polo intenso tráfico que presenta esta estrada e a súa elevada siniestralidade

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS EN MELLORAR A SEGURIDADE VIAL DA ESTRADA ENTRE O CASTIÑEIRIÑO E OS TILOS

- ***O tramo obxecto da actuación ten unha lonxitude de 1,4 quilómetros***
- ***A mellora consistirá esencialmente no ensanche da plataforma para crear carrís centrais de saída e incorporación, e carrís laterais de aceleración e deceleración, co obxecto de acondicionar as interseccións***
- ***Beneficiará a unha poboación aproximada de 112.000 habitantes de Santiago de Compostela e Os Tilos, que son os que habitualmente utilizan esta estrada.***
- ***As obras comezarán no primeiro trimestre de 2010 e estarán rematadas a finais dese ano.***

Santiago, 7 de maio de 2009.- O consello da Xunta aprobou a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-841, no treito entre O Castiñeiriño e Os Tilos.

O tramo obxecto da actuación ten unha lonxitude de 1,4 quilómetros. A mellora consistirá esencialmente no ensanche da plataforma para crear carrís centrais de saída e incorporación, e carrís laterais de aceleración e deceleración, co obxecto de acondicionar as interseccións.

Por outra banda crearanse glorietas e acometerase a mellora da drenaxe lonxitudinal, así como das instalacións urbanas, especialmente o alumeadado, a sinalización, balizamento e defensas.

A obra, na que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Obras Públicas investirá 2 millóns de euros, beneficiará a unha poboación aproximada de 112.000 habitantes de Santiago de Compostela e Os Tilos, que son os que habitualmente utilizan esta estrada.



O investimento xustifícase pola elevada siniestralidade que presenta este tramo, polo intensísimo tráfico que soporta e polo crecemento da poboación experimentado na zona nos últimos anos.

Os carrís terán 3,5 metros por cada sentido da circulación, con beiravías de 1,50 metros e bermas de 0,50 metros. As beirarrúas terán dous metros de ancho, e a zona de aparcadoiro 2,50.

O levantamento de actas previas realizarase ao longo do segundo semestre de 2009. As obras comezarán no primeiro trimestre de 2010 e estarán rematadas a finais dese ano.

Está previsto que a execución das obras supoña 17 toneladas de escavación e 10 toneladas de terraplén. O proxecto contempla un total de 14 interseccións e unha glorieta, drenaxe lonxitudinal e transversal, sinalización e balizamento.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**